

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**Tipo Convocatoria:** Ordinaria**Data:** 27 de febreiro de 2025**Duración:** Dende as 20:00 até as 20:22 horas.**Lugar:** SALÓN DE PLENOS**Presidida por:** FRANCISCO CALO ABELLEIRA**Secretaria:** CLARA ORTEGA FERNANDEZ**ASISTENCIA Á SESIÓN**

Núm. identificación	de	Nome e Apelidos	Asiste
8451		ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924		ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970		ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610		ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438		CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272		DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177		DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871		FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650		JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278		JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931		MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600		MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777		MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



Aprobación das actas das sesións anteriores, celebradas os días 19 de decembro do 2024, 9 de xaneiro e 30 de xaneiro do 2025.

Polo Sr. Alcalde-Presidente sométense a aprobación as actas das sesións anteriores. Non presentándose observacións, as mesmas resultan aprobadas.

Expediente 366/2025. Modificación do Anexo I do Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	Unanimidade

Por Acordo do Pleno de data 30/03/2023, aprobouse o Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes - ANEXO I. Normas de Funcionamento das Escolas Infantís establecidas pola Consellería de Política Social .

A Consellería de Política Social ven de publicar no RUEPSS unhas novas Normas de Funcionamento Marco (RRI) da Escolas Infantís Municipais actualizadas para centros de atención á infancia segundo as Ordes de Gratuidade. Para seguir sendo beneficiarios das axudas de gratuidade de atención educativa é obrigatorio proceder á modificación de dito Anexo I coa finalidade de adaptalo ás publicadas pola Consellería de Política Social.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Proposta de Modificación	03/02/25
Providencia de Alcaldía	05/02/25
Informe de Secretaría	2025-0095

LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 128 ao 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

— O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril. — O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Vista a proposta de resolución PR/2025/18 de 5 de febreiro de 2025, a Comisión Informativa de Servizos eleva ó Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal de Outes nos termos en que figura no expediente.

SEGUNDO. Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar a o Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Durante a quenda de intervencións, en primeiro lugar, o Sr. Alcalde explica resumidamente o contido do expediente e os termos da modificación do Regulamento da Escola Infantil Municipal, sinalando que a finalidade da mesma é continuar optando á subvención da Xunta de Galicia que financia este servizo.

Concédesse o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal de Compromiso Outes, D. Manuel González López, quen sinala que non vai a intervir neste punto.

De seguido, concédese o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen critica a escasa contía da subvención que a Xunta de Galicia outorga aos Concellos para a financiación dun servizo que é de competencia autonómica. Samenta a importancia da Escola Infantil Municipal para garantir a conciliación da vida familiar e laboral, e insiste en que o novo Goberno municipal de Outes faga cumprir a Xunta e a inste a que cubra os gastos da Escola Infantil Municipal do mesmo xeito que o fai coas escolas privadas. Critica que a maioría dos custos do servizo, mais de 160.000 €, sexan asumidos polas arcas municipais, mentres que a Xunta de Galicia achega menos de 30.000 €.

Finalmente, concédese o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do PSOE, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen indica que non desexa intervir neste punto.

Finalizada a quenda de intervencións, pola Alcaldía sométese a proposta a votación, resultando APROBADA por UNANIMIDADE.

Expediente 259/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 2/2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7; en contra: 6; abstencións: 0.



Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 54.836,51€, que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:

- Relación **OPA X/2024/4** (facturas rexistradas na conta 413 a 31/12/2024), por importe de 775,01€
- Relación contable **F/2025/8** (facturas ano 2024 presentadas no exercicio 2025), por importe de 52.324,59€
- **Liquidación de asistencias ao tribunal de selección** dun Técnico/a de medio de atención ao espazo museístico da Carpintaría de Ribeira “Estaleiro Ciprián” , por importe total de 1.450,11€, imputables ás seguintes aplicacións orzamentarias: 920/23300 (1.321,62 €); 920/22706 (128,49 €) Exp. Gestiona 1096/2024
- **Liquidacións dietas desprazamentos 2024**, por importe total de 286,80€, imputables á aplicación orzamentaria 912 23100

Visto os informes de reparo número 2024-0047, de 13 de decembro de 2024, e o informe 2025-0003, de data 17.02.2025, formulados pola Intervención municipal, nos que se manifesta a falta de autorización de gasto nas relacións das facturas indicadas.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2024, prorrogadas para o ano 2025.

ACORDO

PRIMEIRO. Solventar os reparos manifestados pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2025, por importe total de 54.836,51€, que se corresponde coas facturas incluídas nas relacións contables referidas, que se xuntan como anexo á presente resolución.

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican nas relacións contables sinaladas.

Durante a quenda de intervencións, en primeiro lugar, polo Sr. Alcalde explícanse os motivos da presentación da enmenda, sinalando que dado o pouco tempo para poder revisar a totalidade das facturas incluídas no documento inicial que foi dictaminado na comisión especial de contas, modifícase este retirando as facturas pendentes de revisar.



Concédesse o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal de Compromiso Outes, D. Manuel González López, quen pregunta polas razóns que levaron a retirar certas facturas. Non lle convencen as explicacións ofrecidas, xa que este punto xa foi tratado na Comisión de Facenda celebrada o pasado xoves, onde houbo tempo suficiente para revisar as facturas e identificar cales eran. Indica que se trata de facturas por traballos realizados, nalgúns casos por provedores locais, que incluso contaban xa con proposta de gasto.

Considera esta decisión unha forma peculiar de rebaixar o Periodo Medio de Pago a Proveedores (PMP), que se sinalaba polo Partido Popular como unha das grandes problemáticas na moción de censura. Agora, estas facturas que podían ser pagadas mañá terán que esperar. Manifesta o seu desacordo coa enmenda e anuncia que votarán en contra.

De seguido, concédesse o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen igualmente considera esta forma de proceder como moi peculiar. Sinala que, a pesar de que acaban de chegar ao goberno, xa levan anos como concelleiros e tiñan acceso a esta información desde hai máis dunha semana, polo que puideron estudala. Pregunta cal é o criterio para retirar certas facturas e deixar outras. A maioría das facturas débense a que as empresas as rexistraron no 2025, aínda que corresponden ao 2024. Sorpréndese de que o PP, que leva tempo proclamando que non se pagan as cousas en tempo e forma, presente hoxe unha enmenda para atrasar o pago destas facturas. Considera que esta mudanza no goberno, no medio do mandato, é prexudicial para o Concello de Outes, pois reduce a eficiencia da administración e incrementa o PMP. Anuncia que votarán en contra da enmenda, pero a favor do expediente orixinal.

Finalmente, concédesse o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do PSOE, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen indica que non desexa intervir neste punto.

Na quenda de réplica, o Sr. Alcalde reitera que non tiveron tempo para revisar o expediente en profundidade. Sinala que hai facturas que ían ser pagadas polos grupos de CO e BNG, pero agora a responsabilidade recae sobre eles, e que, ao tratarse de facturas presentadas recentemente, esta enmenda non vai ter impacto no PMP.

Tras as intervencións dos membros da Corporación, procédese á votación da enmenda, resultando APROBADA por 7 votos a favor (PP e PSOE), 6 en contra (CO e BNG) e 0 abstencións.

De seguido, procédese a votación do acordo, resultando aprobado por Unanimidade.



Mocións.

Non se presentan.

Rogos e preguntas.

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Outes e no seu nome o Voceiro Anxo Núñez Fernández, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fai a seguinte **PREGUNTA** ao Grupo de Goberno:

Dende o momento no que presentaron a moción de censura no rexistro deste concello, sinalaron que unha das cuestións a mellorar era a transparencia. Vostedes chegaron a acordo, asinaron a moción de censura, anunciaron na prensa que o concelleiro tráfuga ía formar parte do goberno pero, pasada a moción e proclamado o novo alcalde, aínda non se publicou o seu acordo de goberno. Señor alcalde:

1. Van a publicar nalgún momento o texto íntegro do seu pacto de goberno?
2. Se a resposta é afirmativa, cando?
3. Teñen xa decididas as concellarías e responsabilidades de cadaquén?
4. Se a resposta é afirmativa, cando teremos coñecemento das mesmas?

RESPOSTA (Sr. Alcalde): sinala que non se trata dunha noticia publicada polo seu Partido, e que neste momento hai prioridades que atender e que teñen 30 días para concretar o acordo de goberno. Engade que non pode anunciar algo que aínda non existe. Respecto ao punto 3, aclara que as concellarías e responsabilidades de cada parte aínda non están decididas.

RÉPLICA (D. Anxo Núñez Fernández): critica que cheguen á Alcaldía sen saber quen vai xestionar cada área e sen contar coa maioría necesaria. Considera que a situación actual é similar á de fai uns días, a pesar de levar semanas de negociacións previas á moción de censura. Insta ao goberno a poñerse a traballar e a axilizar as súas cuestións internas, tomando con seriedade o posto que ocupan.

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Outes e no seu nome o Voceiro Anxo Núñez Fernández, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula o seguinte **ROGO** ao Grupo de Goberno, reiterando públicamente a súa disposición para colaborar no traspaso de poderes e nas cuestións municipais xestionadas ou pendentes.

O Sr. Alcalde agradece a disposición do Concelleiro.



E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:22 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

